

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
643/2021	O Pleno	25/11/2021

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 643/2021. POTESTADES ADMINISTRATIVAS DE CARÁCTER PATRIMONIAL

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Antecedentes

1. O Concello de Outes encargoulle ao biólogo Xabier Vázquez Pumariño o asesoramento de cara á posibilidade de tramitar a declaración como espazo natural protexido un ámbito no denominado Monte da Pena neste municipio.

2. Como resultado do antedito encargo elaborouse o documento de "Memoria descritiva para a solicitude de declaración de Espazo Natural de Interese Local (ENIL) Monte da Pena". No seu apartado 9 describe e analiza os distintos valores naturais do espazo tocantes á flora e vexetación, e fauna que xustifican a proposta; no seu apartado 13 os usos e aproveitamento dos recursos naturais do espazo (gandeiros, forestais e de lecer) e nos 14 e 15 as actividades que se proxectan e a súa repercusión orzamentaria.

Explica a Memoria que o ENIL é unha das categorías de espazos naturais protexidos prevista na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia (en diante, LPNG) que, no seu artigo 29 os define como

"... aqueles espazos... que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais a nivel local."



atribúelles a responsabilidade e competencia na xestión ás entidades locais, dispón que neles se promoverán actuacións de educación ambiental e de uso social do ambiente, e esixe para a súa declaración pola Administración autonómica a conformidade expresa das persoas propietarias ou titulares dun dereito de uso dos terreos afectados.

3. O procedemento para tramitar a declaración do ENIL vén recollido nos artigos 39 e seguintes LPNG e dispón que a súa iniciación por solicitude, no noso caso, da Corporación municipal á que se lle achegará a documentación prevista no artigo 40 LPNG.

Polo exposto, o Pleno da Corporación **ACORDA** a iniciación do procedemento para solicitarlle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a declaración do Espazo natural de interese local Monte da Pena definido con base na Memoria elaborada ao efecto.

Esta resolución expoñerase ao público por medio de anuncio na sede dixital da Corporación coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar ante o Concello no prazo de un mes as suxestións e alegacións que xulguen oportunas.

Do resultado da exposición ao público e da incorporación do resto da documentación que é necesaria para seguir a tramitación da solicitude do ENIL daráselle conta ao Pleno para que resolva o procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 6DDZKWTJCSJ6K3TNYEFPFH | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2